


Tema 2. O Imperialismo.

1. O IMPERIALISMO.

No século XIX desenvolveuse un novo modelo de imperialismo diferente do colonialismo europeo da Idade Moderna, este vai estar baseado na industrialización e o capitalismo. Os seus protagonistas foron primeiro Francia e Reino Unido, e máis tarde o resto de países industrializados.

Durante o último terzo do século XIX e principios do XX as grandes potencias industriais europeas, Estados Unidos e Xapón rivalizaron polo dominio do mundo, e estenderon o seu dominio político e territorial sobre case toda África, Asia e as illas do Pacífico.



2. CAUSAS:

2.1. Causas económicas

A aparición de novas potencias económicas (Estados Unidos, Alemaña, Xapón) vai aumentar a competencia. Encontrar novos mercados para darlles saída aos excedentes da produción industrial vai ser unha prioridade.

Nas colonias, as metrópoles buscaban a subministración dos recursos económicos de que carecían, principalmente materias primas e fontes de enerxía baratas, e un lugar en que investir os seus capitais a un xuro máis elevado ca na metrópole. Pensábase que este intercambio das metrópoles coas colonias lles permitiría ás primeiras un crecemento ininterrompido (capitalismo agresivo). Ex. India ou Exipto.

2.2. Causas políticas

Factores políticos, estratéxicos ou militares influíron en moitas accións da expansión colonial. Os Gobernos das grandes potencias mostraron un interese permanente polo control e o dominio de rotas que tiñan unha importancia estratéxica esencial tanto desde o punto de vista comercial coma militar, como os canais de Suez e de Panamá.

Ás razóns estratéxicas engádese o desexo de prestixio ou de poder ou o de evitar o fortalecemento de países rivais. Polo tanto, xustificouse a expansión imperialista como unha defensa dos intereses nacionais e traducíuse na extensión do dominio político sobre outros territorios. Para o Reino Unido, por exemplo, o interese nacional concretouse na defensa da súa posición hexemónica, ameazada pola crecente industrialización doutras nacións, como Alemaña. De aí que, en boa medida, a carreira imperialista fose un factor máis nas rivalidades entre as grandes potencias.

2.3. Causas ideolóxicas

Tema 2. O Imperialismo.

Paralelamente ao auxe do nacionalismo expandiuse unha mística imperialista, mestura de exaltación dos valores que representaba cada nación, de vontade de poder e de soños de grandeza. Para iso as potencias apelaron á historia. Italia recorreu á lembranza da grandeza da Roma antiga; Reino Unido enxalzou a misión civilizadora británica; e Francia erixiuse na difusora dos grandes principios revolucionarios.

A este patriotismo exaltado e cargado de sentimentos nacionalistas, a miúdo agresivos, engadíronse connotacións **racistas**. En toda Europa proliferaron postulados racistas que afirmaban a superioridade da raza branca e a súa misión «civilizadora», fronte ás «razas inferiores» dos países colonizados. Era unha ideoloxía derivada da manipulación e simplificación do darwinismo social. Políticos, escritores, filósofos e «científicos» defenderon esta idea e influíron en amplas capas da poboación.

2.4. Causas relixiosas

O imperialismo tamén se xustificou a través da necesidade de levar o cristianismo a pobos que mantiñan prácticas relixiosas ancestrais. As misións católicas e protestantes protagonizaron un intenso labor evanxelizador e humanitario.

Pero tamén foron un medio de lexitimación da expansión imperialista e de aculturación, é dicir, da imposición da cultura occidental nos países colonizados polos europeos.

2.5. Causas científicas

Tamén se considerou que o avance da ciencia esixía a exploración de todas as rexións da Terra. As viaxes de exploración e o descubrimento de zonas inexploradas do interior de África mediante o recoñecemento dos seus grandes ríos como vías de penetración prepararon o camiño para a coloni-zación.

As sociedades xeográficas, que con frecuencia apoiaron estas expedicións, foron un dos focos de propaganda colonial. A través dos seus informes e revistas familiarizaron a opinión pública cos asuntos coloniais. Pola súa parte, as asociacións coloniais, ás que pertencían políticos, homes de negocios, intelectuais e escritores, tamén se esforzaron por dar a coñecer entre a opinión pública a ideoloxía do imperialismo colonial. A iso uniuse a popularidade da literatura de viaxes, como as obras de Kipling (O libro da selva), entre outros, que tamén difundiron esta ideoloxía.

3. FORMAS DE COLONIALISMO.

A presenza dos europeos nos territorios colonizados supuxo o control político, social e cultural, e o sometemento dos pobos destes territorios aos intereses económicos das metrópoles.

A administración local dos territorios coloniais recaeu en principio nas compañías privilexiadas de comercio, que recibiron amplos poderes. Con todo, axiña o Estado asumiu estas funcións. Houbo sistemas de control colonial moi variados:

- As colonias eran os territorios en que a poboación indíxena estaba totalmente sometida á potencia colonial, que implantou un goberno e unha administración totalmente europeos. O poder da metrópole exercíase por medio dun gobernador. Este sistema predominou en África e en parte de Asia.
- Colonias de poboamento, en que se asentou unha numerosa poboación europea que impuxo a súa lingua, formas de vida e institucións. Desplazando, anulando ou matando á poboación autóctona. Ex. Canadá ou Australia.
- Os dominios eran específicos do Imperio británico. Tratábase de colonias de poboamento ás que se lles aplicou un sistema de autogoberno. Os poderes do gobernador estiveron limitados por un goberno designado por unha asemblea elixida polos colonos. Os dominios gozaron de completa autonomía na política interior, pero a política exterior decidíase na metrópole. Foi o caso de Canadá, Nova Zelandia, Australia e a Unión Surafricana.
- Os protectorados eran territorios coloniais onde xa existía un Estado soberano coa súa propia estrutura política e cultural. A potencia colonial respectaba, “en teoría”, o goberno e a administración

Tema 2. O Imperialismo.

indíxena, pero exercía o control militar, a dirección da política exterior e mais a explotación económica. Ex. Exipto ou India.

- Nas **Concesións** un Estado cedía, de forma temporal, territorios a unha potencia colonial, que os controlaba economicamente pero sen desprazar a eles nin funcionarios nin militares. O caso máis destacado foi China.

4. REPARTICIÓN DE ÁFRICA

Ata 1870 a presenza europea en África limitábase a factorías costeiras ou pequenas localizacións coloniais en zonas próximas ao mar. No último terzo do século produciuse unha total ocupación do territorio.

Os primeiros pasos: Francia e Reino Unido comezaron o proceso colonizador en África. Na África mediterránea, Francia iniciou en 1830 a ocupación de Alxeria e en 1848 proclamouna oficialmente «territorio francés». Con todo, a instauración da colonia francesa non concluíu ata 1870. En 1881 os franceses estableceron un protectorado sobre Tunisia.

En Exipto entraron en colisión os intereses franceses e ingleses polo dominio da ruta do canal de Suez. Reino Unido estaba interesado no control de Exipto para asegurar a súa ruta cara á India. En 1882, a raíz do estalido dunha rebelión nacionalista, produciuse a ocupación militar británica de Exipto, que, de feito, foi convertido nun protectorado británico.

Misioneiros, exploradores e aventureiros abriron o resto de África a Europa. Durante a segunda metade do século XIX producíronse moitas viaxes de descubrimento. Destacaron as exploracións de Livingstone, que remontou o río Zambeze e chegou ás cataratas Vitoria; de Stanley, que descubriu as fontes do río Congo e se puxo ao servizo do rei Leopoldo II de Bélxica; Francia, que explorou a marxe dereita do río Congo.

A Conferencia de Berlín



As rivalidades entre Francia e Bélxica polo Congo e o crecente interese dos comerciantes alemáns por África central impulsaron o chanceler alemán **Bismarck** a celebrar unha Conferencia Internacional en Berlín en 1885. Nela adoptáronse unha serie de acordos que debían regular a ocupación do territorio africano:

- A liberdade de comercio e de navegación polos ríos Níxer e Congo.
- A prohibición da escravitude.
- O recoñecemento do «Estado Libre do Congo» como unha colonia a título persoal do rei de Bélxica, Leopoldo II.
- O principio da ocupación efectiva, é dicir, era necesario ocupar de verdade un territorio para consideralo como propio. Este principio acelerou a «repartición de África», pois as potencias lanzáronse a conquistar as

terras que aínda non pertencían a outro país.

A finais do século XIX incorporáronse novas potencias á repartición de África. As máis importantes foron Italia e Alemaña. Italia apoderouse de Somalia e Eritrea, pero fracasou no seu intento de conquistar o reino de Abisinia (Etiopía).

Alemaña foi a última en participar na carreira colonial. A partir de 1884 estableceu colonias na costa oriental (África Oriental), na costa occidental (Togo e Camerún) e na área desértica do suroeste de África, á que despois se lle chamou África do Suroeste alemá.

Tema 2. O Imperialismo.

Os conflitos internacionais

Nin a Conferencia de Berlín nin outros acordos posteriores evitaron os conflitos. Un deles derivou dos chamados **imperios continuos**. Reino Unido pretendía formar un imperio africano que unise o norte co sur do continente, enlazado cunha liña de ferrocarril desde O Cairo ata O Cabo. Este proxecto entrou en colisión co propósito francés de crear un eixe colonial de oeste a leste, desde a costa do Sáhara e Guinea ao mar Vermello. Iso deu lugar a un grave incidente e que finalmente se resolveu por vía diplomática.

Na **África austral** enfrontáronse os intereses dos portugueses, establecidos desde o século XVI en Angola e Mozambique, os dos colonos holandeses e alemáns (**bóers ou afrikáners**) asentados na rexión do Cabo, cos británicos, que ocuparan O Cabo en 1806. A estas rivalidades sumouse, desde 1884, a presenza de Alemaña en África do Suroeste. As tensións entre os británicos e os colonos holandeses agraváronse desde o descubrimento de xacementos mineiros de ouro e diamantes na s repúblicas bóers independentes de Oranxe e Transvaal, e desencadeouse a chamada **guerra anglo-bóer**. Tras a derrota dos bóers, as repúblicas de Transvaal e Oranxe foron anexionadas por Reino Unido. Non obstante, outorgóuselles certa autonomía dentro da Unión Surafricana, que desde 1910 pasou a ser un dominio.

A principios do século XX rexurdiron os enfrontamentos imperialistas. O seu escenario foi **Marrocos**, que disputaban varios países. A cuestión marroquí, é dicir, a pretensión francesa de establecer un protectorado sobre o reino de Marrocos e a oposición alemá a este, será un foco de tensións constantes entre ambas as potencias, ata o punto de ser unha das causas da Primeira Guerra Mundial.

5. Imperialismo en Asia



A expansión imperialista do último terzo do século XIX completouse coa acción colonial europea en Asia.

- **Imperio ruso.** Rusia ocupara Asia setentrional no século XVII e dirixiuse a mediados do XIX cara ás fértiles terras do Turquestán. Os avances rusos incrementaron a hostilidade co Reino Unido. Ambos os países mantiñan disputas sobre Persia e as terras fronteiras da India (Afganistán, Tíbet).

A partir de 1880-1890, coa construción do ferrocarril Transiberiano ata Vladivostok e do ramal transmanchuriano, a presenza rusa en Extremo Oriente estendeuse cara a

Manchuria. Estes movementos orixinaron un nchoque con Xapón, o que desembocou na guerra ruso-xaponesa de 1904-1905, en que Rusia foi derrotada.

- O Imperio británico

A India constituíu o obxecto preferente do colonialismo británico en Asia.

Desde o século XVIII a Compañía Inglesa das Indias Orientais foi ocupando gran parte do territorio, co apoio do Goberno británico. Para iso dispoñía dun exército o de soldados indios encadrados no exercito británico: **os sipaios**. Pero en 1857-1858 os sipaios, ante o desprezo dos oficiais británicos polas súas crenzas relixiosas, subleváronse. A revolta obrigou o Goberno británico a reorganizar a administración colonial. A Compañía foi suprimida e a India pasou a depender directamente da Coroa e a ser gobernada por un vicerrei.

Tema 2. O Imperialismo.

O receo británico ante a expansión colonial francesa en **Indochina** impulsou a ocupación de Birmania, convertida en protectorado desde 1886, e dos sultanatos do centro e sur de Malaisia entre 1870 e 1885.

Reino Unido tamén establecera desde había tempo colonias de poboamento en Oceanía (Australia e Nova Zelandia), que se constituíron en dominios en 1901 e 1907, respectivamente.

- Imperio francés

A conquista francesa de **Indochina** iniciouse en 1858-1860 coa ocupación do delta do río Mekong e a sinatura dun tratado co rei, que cedeu a Francia as tres provincias orientais de Cochinchina. Francia desexaba controlar o delta do Mekong e do Sông Koi ou río Vermello para encontrar unha vía de penetración no mercado chinés. En 1887 constituíuse a Unión Xeral de Indochina (Annam, Tonkín, Cochinchina e Cambodja), á que se incorporou Laos en 1893. Ese mesmo ano acordouse a neutralidade de Siam (actual Tailandia) como Estado independente, aínda que con algúns recortes na súa soberanía.

- Outros imperios

Os holandeses afirmaron a súa administración sobre as Indias Orientais Holandesas (actual Indonesia, illas Célebes e metade occidental de Nova Guinea), e os alemáns ocuparon a metade nororiental de Nova Guinea, as illas Marshall, Salomón, Carolinas e Marianas.

- O caso de China

China foi o grande obxectivo comercial das potencias europeas, Estados Unidos e Xapón. A rivalidade entre elas era tan grande que China puido conservar a súa independencia, polo menos en teoría.

A prohibición do Goberno chinés á entrada do opio indio que se intercambiaba por té e seda orixinou as chamadas **«guerras do Opio»** (1839-1842 e 1856-1860). Tras estas guerras, Reino Unido e Francia obrigaron os chineses a negociar unha serie de tratados, que tiveron como resultados máis importantes estes dous:

- China cedeu Hong Kong a Reino Unido.

- Outorgáronse certos dereitos aos comerciantes estranxeiros, aos que permitían establecer colonias propias nunha serie de cidades e controlar as aduanas. Entre estas cidades estaban Xangai e Cantón.

China converteuse así nun mercado aberto para os produtos europeos, o que causou a ruína dos comerciantes autóctonos. Esta penetración forzada das potencias ocidentais alterou a orde social e política do imperio e motivou o estalido de varias insurreccións populares.

Con todo, foi a década de 1880 a que marcou o comezo da repartición do territorio chinés en cinco zonas de influencia. O punto de partida foron as derrotas ante Francia (1884-1885) e Xapón (1894-1895), tras as cales os emperadores chineses cederon o control a británicos, franceses, alemáns, estadounidenses e xaponeses dunha serie de portos e áreas de influencia para a explotación de certos recursos (minas e ferrocarrís).

Ante a pasividade con que China se dobregou ás esixencias estranxeiras, xurdiron movementos ultranacionalistas radicais, como a **revolta dos bóxers**, en 1900-1901.

6. As consecuencias do imperialismo

A colonización provocou cambios profundos na economía, na cultura e nos modos de vida dos pobos indíxenas.

- A explotación económica

Os europeos practicaron a «economía da pillaxe», é dicir, explotaron cun menor custo posible uns inmensos territorios con abundantes recursos naturais.

Os colonos europeos apropiáronse das terras, desprazando pola forza os indíxenas. Así, en Alxeria, tras a revolta de 1871, preto de 500.000 hectáreas de terras foron confiscadas e distribuídas entre os colonos. Noutros casos pechouse os indíxenas en reservas (África do Sur) ou foron masacrados sistematicamente

Tema 2. O Imperialismo.

(Nova Zelandia, Australia). As grandes compañías recibiron das súas metrópoles concesións gratuítas para explotar as terras polo sistema de plantacións dedicadas ao monocultivo (caucho, café, té, tabaco cacao...)

Tamén obrigaron aos indíxenas ao traballo forzoso en condicións infrahumanas, o que, en ocasións, produciu drásticas reducións da poboación. Esta explotación e a ruína das actividades artesanais indíxenas pola competencia industrial europea aumentaron a miseria da maioría da poboación sometida á colonización.

A explotación dos recursos (materias primas, fontes de enerxía), o control dos mercados coloniais e as preocupacións estratéxicas impulsaron as metrópoles a equipar as colonias con ferrocarrís, estradas, portos e liñas telegráficas. Pero trazábanse para satisfacer os intereses da metrópole, por exemplo, unindo os portos coas minas, mentres que o resto do territorio quedaba incomunicado.

Xeralmente, as metrópoles europeas impuxeron as súas moedas, os seus sistemas fiscais e elevaron as tarifas aduaneiras sobre as mercadorías para limitar os gastos da administración dos territorios coloniais.

- O impacto social e político

A introdución da medicina europea (hixiene, vacinas, etc.) nos territorios colonizados permitiu reducir a mortalidade, mentres a natalidade se mantivo elevada. O crecemento da poboación e o rápido proceso de urbanización, produto da miseria rural, provocaron unha fame crónica e un incremento das tensións sociais.

Creáronse fronteiras artificiais que supuxeron a unión ou división forzada de grupos tribais e étnicos diferentes, o que ocasionou innumerables conflitos políticos, sociais e étnicos que continúan hoxe en día.

A acción imperialista impactou profundamente nas mentalidades das comunidades tribais máis primitivas. As misións e a extensión da ensinanza impuxeron a preeminencia da lingua metropolitana e ameazaron a cultura autóctona, tratando de atenuar a propia identidade. Iso deu lugar a un fenómeno de **aculturación**.

7. O IMPERIALISMO NON EUROPEO

- O expansionismo xaponés

Xapón Meixi experimentou un rápido crecemento económico e aplicou medidas modernizadoras seguindo o modelo occidental. Esta política veu acompañada por un decidido afán expansionista que tiña por obxectivo facerse co dominio de Corea e China.

As razóns do imperialismo xaponés foron: a presión demográfica, a procura de mercados exteriores para os seus produtos e de recursos dos que carecía (ferro, carbón, petróleo, cobre, estaño, etc.) para consolidar a súa industrialización. Con todo, no imperialismo xaponés tamén influíron as correntes nacionalistas moi en voga na época, como a idea dun «Gran Xapón».

Xapón forzou a Corea a abrir tres portos e permitir o asentamento de emigrantes xaponeses. China, que era a potencia hexemónica na zona, opúxose a esta inxerencia e declarou a guerra entre ambos os países. Entre 1894 e 1895, as tropas xaponesas interviñeron en Corea, entraron en Manchuria e, tras unha fácil vitoria naval, desembarcaron en Port Arthur e outros puntos no golfo de Pequín. China cedeu Formosa (Taiwán), as illas Pescadores e a península de Liaodong co enclave de Port Arthur.

A presenza xaponesa no sur de Manchuria foi considerada intolerable por Rusia. Pero Xapón atacou Rusia en 1904, sen unha declaración previa de guerra (**guerra ruso-xaponesa**), e aniquilou a frota rusa ancorada en Port Arthur. Xapón obtivo o sur da illa de Sakhalín e o protectorado sobre Corea, que anexionou en 1910, e consolidou o dominio sobre Manchuria.

- O imperialismo estadounidense

No imperialismo estadounidense primaron os factores ideolóxicos e xeopolíticos:

- O sentimento de superioridade do pobo estadounidense, exaltado por doutrinas diversas. A **doutrina Monroe** precisaba que o continente americano era a área de influencia de Estados Unidos, vedada aos europeos. A **doutrina do «destino manifesto»** defendía que o pobo estadounidense, ao ser o pobo elixido por Deus, podía apropiarse de calquera territorio que estivese «destinado» a formar parte de Estados Unidos. Estas doutrinas consolidaron un forte sentimento nacionalista que se sustentaba na suposta superioridade racial, política, relixiosa, cultural e técnica da raza branca anglosaxoa sobre o resto dos pobos de América.

Tema 2. O Imperialismo.

Estas ideas xustificaron as intervencións de Estados Unidos no Caribe e noutros Estados americanos, no Pacífico e en China.

En 1898 o presidente McKinley, co apoio de poderosos medios económicos, a prensa e os sectores nacionalistas, interveu na guerra que mantiña España coas súas colonias de Cuba e Filipinas. Tras aniquilar o débil potencial naval de España, Estados Unidos forzou a independencia de Cuba e a cesión a Estados Unidos de Porto Rico, Filipinas e a illa de Guam no Pacífico e tamén ocupou Hawai.

O afianzamento da posición de Estados Unidos no Caribe e no Pacífico completouse coa política intervencionista de Theodore Roosevelt, presidente desde 1901. Este presidente impuxo a política da «gran moca» (big stick), é dicir, do dereito de Estados Unidos a intervir nos asuntos internos das repúblicas hispanoamericanas.

Axudou a Panamá a independizarse de Colombia en 1903 e logrou do Goberno panameño a ocupación militar estadounidense de ambos os lados do canal, que terminou de construírse en 1914.

Desde entón as intervencións armadas foron constantes e a súa xustificación era a defensa dos intereses estadounidenses que se consideraron ameazados por movementos desestabilizadores.

